

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

Organismo: SECRETARÍA XERAL DE APOIO AO EMPREGO, TRABALLO AUTÓNOMO E ECONOMÍA SOCIAL

(Para cubrir no "Diario Oficial de Galicia")	

SUMARIO:

EXTRACTO da Orde do 19 de xullo de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións ás entidades colaboradoras da Rede Eusumo para realizar actividades de promoción e impulso do cooperativismo e a economía social, e se convocan para os anos 2023 e 2024 (código de procedemento TR811A).

TEXTO:

BDNS (Identif.): -----

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans>).

Primeiro. Entidades beneficiarias

- As asociacións de entidades de economía social.
- Os concellos de Galicia, e as áreas metropolitanas, mancomunidades de municipios e os consorcios locais.
- As cámaras de comercio.
- As universidades.
- As fundacións e asociacións, e as organizacións profesionais, empresariais e sindicais.

As entidades beneficiarias deben ter formalizada a súa adhesión á Rede Eusumo mediante a subscripción de convenio de colaboración coa Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, nos termos previstos no artigo 13 do Decreto 225/2012, do 15 de novembro, polo que se crea a Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social e se regula o seu funcionamento,

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

Organismo: SECRETARÍA XERAL DE APOIO AO EMPREGO, TRABALLO AUTÓNOMO E ECONOMÍA SOCIAL

con anterioridade á publicación da orde de convocatoria.

Segundo. Obxecto e finalidade

Realizar actividades de promoción e impulso do cooperativismo e a economía social.

Terceiro. Bases reguladoras

Orde do 19 de xullo de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións ás entidades colaboradoras da Rede Eusumo para realizar actividades de promoción e impulso do cooperativismo e da economía social, e se convocan para os anos 2023 e 2024.

Cuarto. Contía

O orzamento total ascende a seiscentos noventa mil euros (690.000,00 €), distribuído en dúas anualidades: anualidade 2023, 265.000,00 €; anualidade 2024, 425.000,00 €.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo xeral para a presentación das solicitudes de axuda é un mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Sexto. Outros datos

Unha vez acreditada a aceptación da subvención e logo de solicitude, poderase facer efectivo en concepto de pagamento anticipado ata un 80 % do importe da subvención.

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2023

Elena Rivo López

Conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade

INSÍRASE NO DIARIO OFICIAL DE GALICIA

O secretario xeral técnico

Alberto Fuentes Losada